

QUEER ME

Irene Bailo Carramiñana, 2025

1673

ESTREA EN NUMAX: 29.01.2026 | V.O.S.E. | +16 | 95 min

Desde os seus primeiros amores adolescentes até o descubrimento da comunidade queer de Toulouse, Irene explora a súa relación coas normas sociais e as do propio colectivo. "Queer Me" é unha viaxe vital, política e xeracional que, a través de material de arquivo, lembranzas persoais e rexistro documental actual, constrúe unha mirada íntima e coral do movemento transfeminista desde a casa okupa TDB.



Entrevista con Irene Bailo Carramiñana: «Na Casa Okupa TDB podíamos ser nós mesmas»

Por Salva Cored

Dez anos despois da súa estancia na Casa Okupa TDB, que é o que máis lembra desde a distancia? Acórdome da miña mocidade, de ser máis “naif”, entusiasta, con ganas de cambiar as nosas realidades e vivir en colectivo. Tamén lembro as dificultades, porque eramos xente moi heteroxénea e, ás veces, non era fácil comunicarnos e organizarnos. Cando penso na casa acórdome de momentos divertidos e máxicos, de valorarnos os uns aos outros e darnos forza. Ao final xuntámonos xente queer que o pasou mal na vida e dabámonos amor. Foi como estar nunha burbulla moi intensa que me custou dixerir, pero agora só queda o agarimo.

Cales foron as grandes leccións que aprendeu? O estar alí ensinoume a convivir con xente de clases sociais moi diferentes. Atopeime cunha realidade moi crúa, mundos moi distintos e realidades moi diversas. Como se ve na película, ao ocupar unha casa na que é posible facer o que queiras cambiamos todo, rompemos os muros e pintamos as paredes. Vendo os meus amigos aprendín que se pode facer de todo, pero o que máis destacaría é que tiveron acceso a vivencias queer e feministas de persoas que viviron en todo o mundo, e que me contaron as súas historias, do mesmo xeito que eu lles contei as miñas. Así se abriu unha gran paleta de posibilidades en temas de liberdade sexual e identidade de xénero sen quedarnos na heteronorma. Nesa casa, todas podíamos ser nós mesmas.

Espremer estas vivencias e construír un documental con elas fíxoa mellor persoa? Non o sei, pero esta experiencia cambioume a vida, permitíume facer esta película durante moitos anos e ségueme facendo reflexionar sobre quen son e sobre quen quero ser.

Como sentiu ao volver á casa para gravar o documental? Volver alí sempre me remove moito. En 2019, a casa deixou de ser un proxecto queer e foi comprada por un señor, que está a facer obras. Prodúcese tristura ver que xa non é nosa e que se está borrando todo o que construímos e construíron outros durante 10 anos. Sinto nostalxia, tristeza e rabia, porque foi un lugar moi representativo na cultura queer e, que se convirta outra vez nunha casa normal, dáme pena.

Ademais de reivindicar, visibilizar e celebrar ao colectivo LGTBIQ+, a cinta tamén é unha homenaxe ao seu pai, o profesor Paco Bailo. Si. El enfermou durante o proceso da película e faleceu durante a montaxe. Para el era moi importante que fixese esta película e confiaba moito en min. Agradezo todo o seu apoio, sobre todo, nese momento, e na peli faise referencia a el nun par de momentos. Isto emocióname moitísimo.

Publicado en diariodelaltoaragon.es